

PLANETA EN DISPUTA

**ALERTAS GLOBAIS
E RESPOSTAS POPULARES**

**18 · 19 · 20 · 21
//// MARZO**

**DOSSIER
DE PRENSA**
(Versión digital)



+ información na web:
<https://agora-r.ecoarglobal.org>
[@ecoarglobal](#)



Café de Catro a Catro.
Rúa Girona 16, Vigo.

ágora-R
XORNADAS 2026

ECOAR 
ECOARGLOBAL.ORG

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ECOAR))).....	3
3. ÁGORA R.....	4
4. XORNADAS “PLANETA EN DISPUTA”	4
5. OBXECTIVOS	4
6. PROGRAMA.....	5
7. RELATORXS.....	6
8. AS PALESTRAS.....	10
9. LUGAR.....	11
10. CONTACTO.....	11

XORNADAS PLANETA EN DISPUTA: ALERTAS GLOBAIS E RESPOSTAS POPULARES

1. INTRODUCCIÓN

A actualidade no contexto global está atravesada por crises encadeadas, escaladas permanentes de tensión e xenocidio. Trátase de síntomas dun sistema que prioriza o privilexio duns poucos fronte aos dereitos, a dignidade e o ben común. O que está en xogo neste taboleiro é non só control o dos recursos e a soberanía do territorio, senón tamén o equilibrio ecolóxico e mesmo as condicións que fan posible a vida.

O gasto militar increméntase a un ritmo alarmantemente elevado da man da concentración de poder e un aumento dos movementos represivos e de extrema dereita. Así, os intereses económicos e xeopolíticos seguen a marcar a folga de ruta dun modelo insostíbel que vén promovido por axendas mediáticas propias. Mentres, os organismos supranacionais amosan evidentes eivas á hora de regular ou limitar este panorama e levar a cabo compromisos efectivos, e as democracias vense cada vez máis deterioradas.

Resulta pertinente plantexarse, ante esta imaxe, cal ha de ser o rol que tomen as cidadanías de cara a artellar respostas efectivas? preguntarse: como impactar sobre esta realidade? reflexionar arredor de como ampliar as marxes de actuación, de como activar, empoderar, mobilizar e mobilizarnos dende abaixo, non só como dereito, senón como tamén como deber.

Procurando respostas a estas inquedanzas, dende **ECOAR)))** organízanse as xornadas “*Planeta en disputa: alertas globais e respostas populares*” (Vigo, Marzo 2025), que nacen dentro do marco do proxecto **ágora R**.

2. ECOAR)))

ECOAR))) é un espazo de natureza global conformado por persoas que se coordinan, constrúen e actúan, dende o local ao internacional, para facer fronte ás inxustizas, creando alternativas e resposta social ao sistema. ECOAR))) é unha ferramenta de carácter independente que se apoia na acción directa, a presión pública, a sensibilización e a solidariedade, para denunciar, visibilizar e concienciar sobre os problemas globais relacionados cos dereitos humanos e o medio ambiente, así como para activar á cidadanía actuando de maneira efectiva a partir da análise, a planificación e a estratexia.

ECOAR))) pretende ser unha estrutura sólida, resiliente, creativa e efectiva para os movementos sociais e a cidadanía, que actúa para construír un sistema global baseado na xustiza,

a ética e a dignidade, a través dos seguintes puntos básicos: anticapitalismo, antiglobalización, consumo responsable, defensa do público, defensa de DDHH, ecoloxismo, estado social e laico, horizontalización da sociedade, interculturalismo e non violencia.

3. ÁGORAR

Historicamente, a *ágora* foi o epicentro de construción da vida da cidadanía. Especialmente dende Maio do 68, cumpren a función de espazos de resistencia e disidencia.

ágora R é un proxecto de ECOAR))) que nace coa intención de pensar a realidade a través dunha ollada crítica, horizontal e proactiva poñendo no centro da análise as relacións de poder e contrapoder. **ágora R** pretende abrir un espazo onde a cidadanía poida adquirir ferramentas e recursos que lle permitan reflexionar sobre o seu papel como axente de cambio e ver tébrase a través de tres eixos centrais:

- Analizar e comprender os procesos, teorías e situacións que conforman a estrutura e funcionamento do mundo actual, así como os seus compoñentes e protagonistas.
- Indagar e coñecer as ferramentas, repertorios e estratexias, así como as formas de organización e loita, que emprega o contrapoder ao longo do planeta.
- Estudar e entender os medios, persoas e estratexias, así como as formas de funcionamento e organización, que empregan a estrutura de poder, especialmente o corporativo e o gobernamental.

4. XORNADAS “PLANETA EN DISPUTA”

“Planeta en disputa: alertas globais e respostas populares” son xornadas que discorrerán en Vigo, entre o 18 e o 21 de marzo de 2026. Achegaranse olladas diversas mediante a realización de distintas palestras para analizar a presente situación xeopolítica e as dinámicas de poder e contrapoder que nela operan.

5. OBXECTIVOS

A comprensión das interrelacións entre os diferentes poderes fácticos e axentes protagonistas internacionais, así como o coñecemento das posibles estratexias fronte ás ameazas e consecuencias neste contexto, son os alicerces sobre os que se edifican, tamén este ano, as xornadas **“Planeta en disputa: alertas globais e respostas populares”**, que queren:

- Abrir un espazo onde a cidadanía poida reflexionar sobre o seu papel como axente do cambio, na busca da xustiza e a solidariedade internacionalista real.

- Comprender en profundidade as dinámicas actuais de poder global, poñendo o foco nos conflitos activos e as súas raíces políticas e económicas.
- Explorar alternativas, estratexias e ferramentas para a construción de sociedades máis xustas.

6. PROGRAMA

- **Mércores 18 de marzo ás 18:00h: *O sistema é o problema!!*** “Militarización, colonialismo e límites biofísicos” por Asier Arias Domínguez.
- **Mércores 18 de marzo ás 20:00h: *Yankees, Go Home!!*** “Política mundial en tempos de Trump. De Venezuela a Irán” por Augusto Zamora.
- **Xoves 19 de marzo ás 18:00h: *Nin un paso atrás!!*** “Silicon Valley abraza o fascismo” por Pablo Elorduy.
- **Xoves 19 de marzo ás 20:00h: *Fóra odios das nosas rúas!!*** “Municipalismo contra a extrema dereita” por Anna Gabriel i Sabaté.
- **Venres 20 de marzo ás 18:00h: *As vosas guerras, xs nosxs mortxs!!*** “Europa e o seu plan de rearme” por Tica Font.
- **Venres 20 de marzo ás 20:00h: *Non nos calarán!!*** “Como nos contan as guerras? Xeopolítica e comunicación” por Irene Zugasti.
- **Sábado 21 de marzo ás 18:00h: *Contra a agresión imperialista!!*** “A transición cara a unha orde mundial alternativa” por Anibal Garzón.
- **Sábado 21 de marzo ás 20:00h: *Palestina Libre!!*** “A solidariedade internacional que non puido deter un xenocidio” por Francesa Cicardi.

7. RELATORXS

Asier Arias Domínguez

Asier Arias Domínguez é profesor na Universidad Complutense de Madrid. É licenciado e doutor en filosofía e graduado en psicoloxía, e a súa área de especialidade é a filosofía da mente, na súa intersección coa neurociencia cognitiva. Ten publicados numerosos traballos académicos en revistas especializadas, artigos de análise en medios xeralistas e libros como *La batalla por las ideas tras la pandemia: Crítica del liberalismo verde* (Ed. Catarata, 2020) ou *La economía política del desastre: Efectos de la crisis ecológica global* (atarata, 2018). O seu eido de investigación é, na actualidade, a ecoxeopolítica e a desglobalización.



Augusto Zamora



Augusto Zamora R. é profesor, xurista, escritor e diplomático. Imparte aulas de Dereito internacional público e relacións internacionais na Universidad Autónoma de Madrid e na Universidad Nacional Autónoma de Nicaragua e foi embaixador de Nicaragua no Estado español. Entre o 79 e o 90 foi director xurídico e xefe de gabinete do Ministerio do Exterior, e formou parte do equipo negociador de Nicaragua nos procesos de paz de Contadora e Esquipulas dende o inicio ata a derrota electoral do sandinismo. Como avogado, representou a Nicaragua no caso contra os Estados Unidos de

América na Corte Internacional de Xustiza. Entre as súas obras destacan *Política y geopolítica para rebeldes, irreverentes y escépticos* (Ed. Akal, 4ª edición actualizada en 2023), *Réquiem polifónico por Occidente* (Ed. Akal, 2018), ou *Multipolaridad y descolonización de las Naciones Unidas* (Ed. Akal, 2024).

Pablo Elorduy

Pablo Elorduy é xornalista e analista político, redactor en El Salto e membro do colectivo fundador do medio, sendo colaborador, anteriormente, do extinto Periódico Diagonal. É autor do libro *El Estado feroz* (Verso, 2024), no que analiza a represión e a coerción exercidas polo Estado español. O seu traballo céntrase na análise crítica do poder, dos conflitos sociais e das dinámicas de cambio político, sendo unha voz recoñecida no xornalismo de investigación e de actualidade política hoxe.



Anna Gabriel i Sabaté



Anna Gabriel Sabaté é educadora social, avogada e profesora universitaria de dereito na Universidade Autónoma de Barcelona. Conta cunha extensa e prolífica traxectoria política e sindical, estando afiliada á CGT e sendo ex directora do sindicato suízo UNIA. Foi deputada no Parlament de Catalunya pola Candidatura d’Unitat Popular (CUP), mantendo unha intervención pública centrada na defensa da autodeterminación, a xustiza social e o feminismo anticapitalista, ámbitos nos que destaca o seu traballo.

Tica Font

Tica Font é investigadora e experta en economía de defensa e políticas de paz. Licenciada en Física pola Universidade de Valencia, con máster en Historia das Ciencias e en Informática Aplicada. Foi unha das fundadoras e membro do Centre Delàs d'Estudis per la Pau e exerceu como directora do Institut Català Internacional per la Pau (ICIP), ademais de desempeñar importantes cargos en organizacións pola paz, como presidenta da Federación Catalana de ONG pola Paz. A súa investigación céntrase na análise dos orzamentos militares, a industria e o comercio de armas e as políticas de paz, combinand

o o traballo académico coa incidencia social no ámbito do desarme e a seguridade.



Irene Zugasti

Irene Zugasti é xornalista e analista internacional especializada en xénero, seguridade e dereitización política. Forma parte de La Base, o pódcast de análise política de Canal R(e)d. Escribe para diferentes medios como Diario Red, CTXT, El Salto, Público, The Washington Post ou eldiario.es. Entre outras publicacións, é autora de Se acabou. La doble victoria de las campeonas del mundo (Ed. Ctxt, 2023) e coautora, con Isabel Serra, de Esto no es una guerra. Feminismo insumiso frente al rearme (Ed. Akal, 2025). Conta



cunha ampla traxectoria en políticas públicas de igualdade e investigación aplicada no ámbito institucional, destacando pola súa visión crítica e posicionada.

Aníbal Garzón

Aníbal Garzón é sociólogo, xornalista, docente e comunicador, está especializado en Estudos Internacionais. Traballou en diferentes países de África e América Latina en proxectos de cooperación internacional, educativos e de desenvolvemento, e colaborou con diferentes medios de comunicación internacionais. É autor do libro *BRICS: La transición hacia un Orden Mundial Alternativo* (Ed. Akal), no que analiza o rol do bloque comercial e xeopolítico no mundo actual. O seu traballo céntrase na análise das dinámicas de poder global, as alianzas internacionais e as transformacións económicas e políticas do século XXI, combinando a divulgación cunha perspectiva crítica sobre o funcionamento do sistema internacional.



Francesca Cicardi



Francesca Cicardi é xornalista especializada en Oriente Medio. Viviu e traballou en Exipto durante 14 anos, onde cubriu as revoltas árabes de 2011 e as súas consecuencias, o conflito en Libia, o ascenso e o declive do grupo terrorista ISIS en Siria e Irak, e outros acontecementos relevantes da última década nesta rexión. Foi corresponsal de diversos medios de comunicación do Estado español, Italia e América Latina, e exerceu como delegada da axencia EFE n'O Cairo entre o 2020 e 2022. Actualmente reside en Madrid e continúa centrada no seguimento e análise do

que ocorre no Oriente Medio.

8. AS PALESTRAS

O sistema é o problema!! “Militarización, colonialismo e límites biofísicos” por Asier Arias Domínguez

Farase unha aproximación á actual reconfiguración do sistema-mundo dende a consideración da xustiza social e dos límites biofísicos do planeta. Porase o foco en como se ven reflectidos nos programas de rearme da Unión Europea, tendo en conta o seu contexto máis próximo: o de obxectivos económicos e xeopolíticos.

Yankees, Go Home!! “Política mundial en tempos de Trump. De Venezuela a Irán”.por Augusto Zamora

Abordarase, a partir de exemplos de máxima actualidade e tendo en conta unha perspectiva histórica, os cambios, patróns e derivas da política internacional dende os Estados Unidos de América.

Nin un paso atrás!! “Silicon Valley abraza o fascismo” por Pablo Elorduy

Afondarase en mediante que dinámicas as élites tecnolóxicas están a acelerar o acoso á democracia e o socavamento e deterioro da mesma, e as súas consecuencias.

Fóra odios das nosas rúas!! “Municipalismo contra a extrema dereita” por Anna Gabriel i Sabaté

Descríbese e plantexarase a loita contra a extrema dereita dende diferentes enfoques municipalistas, describindo tamén o traballo arredor de estruturas populares dende a militancia e o cooperativismo.

As vosas guerras, xs nosxs mortxs!! “Europa e o seu plan de rearme” por Tica Font

Desmontaranse as falacias e os mitos sobre o investimento militar, tales como a xeración de riqueza, postos de traballo e transferencias tecnolóxicas, enfocándoo no actual plan de rearme da Unión Europea como reflexo do mesmo.

Non nos calarán!! “Como nos contan as guerras? Xeopolítica e comunicación” por Irene Zugasti

Debullaranse as lóxicas da propaganda belicista, tales como a construción do inimigo ou da inevitabilidade dos conflitos, así como os xeitos nos que a militarización consegue ter presenza nos espazos comunicativos, entre outras. Analizaranse as estruturas que permiten esta dinámica, tales como redes sociais e medios de comunicación en xeral, e a súa

vinculación con intereses xeopolíticos no rearme. Por último, falarase de alternativas mediáticas para o xornalismo de paz.

Contra a agresión imperialista!! “A transición cara a unha orde mundial alternativa” por Anibal Garzón

Abordaranse os cambios xeopolíticos e económicos que se están a dar na actualidade, nunha transición dun mundo unipolar a un multipolar, coa crecente cooperación do Sur Global cos BRICS como peza chave. Reflictirase a perda de hexemonía por parte dos EUA e a resposta reactiva de dominación no militar, económico e político.

Palestina Libre!! “A solidariedade internacional que non puido deter un xenocidio” por Francesca Cicardi

Falarase das estratexias, limitacións e posibilidades de solidariedade internacionalista no pasado e presente do xenocidio en Palestina, poñendo o foco en Gaza.

9. LUGAR

As xornadas desenvolveranse no *Café de Catro a Catro*, localizado na Rúa Girona, 16, Vigo. Tamén se emitirán en directo en streaming nas RRSS de @ecoarglobal

10. CONTACTO

Correo: comunicación@ecoarglobal.org

Teléfono: +34 693 35 22 04

Web: agora-r.ecoarglobal.org e ecoarglobal.org

RRSS: @ecoarglobal e <https://ecoarglobal.org/gl/ligazons>